

Actividade na que o usuario ha de completar un encrucillado cunha serie de números e operacións para que os resultados, indicados ao final de cada fila e columna (fondo con cor distinta) sexan correctos:

Completa o encrucillado cos números apropiados.

10	+		-	2	10
+		*		*	
	*		-		10
-		+		+	
4	+	4	+		14
10		10		10	

ACIERTOS:
0/0


?

José M. Boo

Na pestana "*Actividade*" atopamos:

ZONA 1


No campo "Filas" (1) indicaremos o número de filas e columnas do encrucillado (han de ser as mesmas). Observar que o número deste campo ha de ser sempre par, e as variacións neste se trasladarán automaticamente á figura da zona 2. Co botón (2) podemos escoller a cor que terán os recadros cos resultados das operacións, situados na fila inferior e na columna da dereita. Cos botóns (3) escolleremos o tipo de recheo dos devanditos recadros: sólido, degradado de arriba a abaixo e degradado dos bordos cara ao centro respectivamente.



ZONA 2


Aquí faremos clic en cada unha das celas para introducir números e operacións. Ao facer clic nunha cela numérica aparecerá unha pequena ventá na que escribiremos o número no campo da parte superior (1). A zona para escoller algunha das operacións aparecerá atenuada. Se marcamos a casa "Cela oculta" faremos que este número desapareza ao executar a actividade e que sexa un dos números que o usuario haberá de escribir durante o seu desenvolvemento. Esta casa só aparecerá se na zona 2 marcamos a opción "Seleccionar celas a ocultar".

Ao facer clic nunha cela cunha operación, aparecerá unha pequena ventá na que escolleremos a operación desexada pulsando no correspondente botón (1). Nótese que poderemos elixir 5 operacións distintas: suma, resta, produto, división e potenciación (^). A zona para escribir un número aparecerá atenuada. Se marcamos a casa "Cela oculta" faremos que esta operación desapareza ao executar a actividade e que sexa unha das operacións que o usuario haberá de escoller dunha lista despregable durante o seu desenvolvemento. Esta casa só aparecerá se na zona 2 marcamos a opción "Seleccionar celas a ocultar".



Cando usemos a operación da división, é conveniente introducir primeiro dividendo e divisor e por último seleccionar o operador na casa correspondente, pois cando unha cela está baleira, o programa lle asigna por defecto o valor cero. Se escribimos só o


dividendo e logo eliximos a operación de división, Ardora fai o cálculo de forma automática e divide entre cero (= infinito) polo que mostrará unha mensaxe de erro como pode verse na imaxe adxunta.



ZONA 3

Cos botóns (1) poderemos facer que Ardora oculte de golpe todos os números da actividade, que oculte todas as operacións ou que sexamos nós os que indiquemos que números ou operacións desexamos ocultar respectivamente. Se marcamos o segundo ou terceiro botón, aparecerán a maiores unha serie de casas na parte inferior dereita (8) para que marquemos só as operacións que queiramos que aparezan cando o usuario despregue as

3 Seleccione los distintos parámetros para la actividad



listas en cada unha das casas. Aquí ademais, na parte dereita dos signos de multiplicar e de dividir, aparecen uns campos por se queremos cambiar o aspecto do signo de multiplicar ou o de dividir, e que en vez do asterisco ou a barra inclinada aparecen a clásica "X" ou os dous puntos (:)

Co botón (2) escolleremos un tipo de fonte para números e caracteres da táboa e no campo (3) axustaremos o seu tamaño. Coa casa (4) faremos compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil. Os botóns (5) son para redondear ou non as esquinas dos recadros da actividade (agás os da táboa). No campo (6) indicaremos o tamaño do lado do cadrado que conterá os números e as operacións (non así o dos resultados, que será automático); este tamaño terá que estar en consonancia

co tamaño da fonte pois se este é pequeno e a fonte demasiado grande esta só se verá parcialmente. Finalmente no campo (7) indicaremos o ancho da área de traballo da actividade, asegurándonos de que sexa máis ancho que o ancho da táboa, pois o alto xa o axusta Ardora automaticamente dependendo do tamaño dos recadros da táboa e do tamaño da fonte.